Concello de AMES

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO (BUGALLIDO). POS + 2017 COMPLEMENTARIO.

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas e quince minutos do día quince de xuño de dous mil dezaoito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto da obra de pavimentación de viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 20 de abril de 2018**,** diante das elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas SYR-AMG SLU que ofertou unha baixa do 35,72 % e EXCAVACIONES MIDÓN SL que ofertou unha baixa do 37,47 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax ou correo electrónico, segundo o método elixido, ás empresas que estaban en situación de baixa temeraria concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitiríaselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 27 de abril de 2018 remitiuselle escrito de requirimento ás dúas empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as catro empresas requiridas segundo consta no rexistro xeral de entrada do Concello de Ames. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas que si presentaron en prazo documentación para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 31 de maio de 2018, que transcrito literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR DIVERSAS EMPRESAS RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO (BUGADILLO). P0S + 2017 COMPLEMENTARIO

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 55.340,51€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 39.878,06€, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 38.175,12€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta una límite de oferta temeraria de 35.628,84€, que supón un 35,62% de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

SYR-AMGM SLU: 35.572,78€ [35,72% baixa]
EXCAVACIONES MIDÓN SL: 34.604,41€ [37,47% baixa]

Estas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.:

INFORME:

<u>YR-AMGM SLU:</u>

A empresa presenta unha memoria que consta de dúas páxinas, na que basea a xustificación da baixa ofertada nos seguintes argumentos:
Gastos Xerais: Redución do custo neste concepto por seren unha empresa de ámbito familiar e de pequena dimensión.
Beneficio Industrial: O obxectivo de captación de novos clientes e de posicionamento no mercado levan a asumir beneficios reducidos.
Persoal: Empresa con persoal altamente cualificado e ampla experiencia.
Maquinaria: A empresa indica que posúe un parque de maquinaria propia que está case amortizada.
Rendementos: A empresa obtén maiores rendementos dos considerados no proxecto e menores custos económicos e financeiros.

A empresa incorreu en presunción de temeridade por tan só 56,06€.

Avaliación da documentación achegada:

A empresa fai consideracións xerais, que poden ter incidencia na súa oferta, pero non existe un estudo detallado da obra, con cálculo efectivo e detallado de prezos e de rendementos, polo que se considera que non xustifica de xeito adecuado a súa proposta económica.
.
<u>EXCAVACIONES MIDÓN SL</u>:

A empresa achega unha memoria na que fai unhas consideracións xerais que se tiveron en conta para o estudo da obra (volume de obra contratada sensiblemente inferior ao desexable, persoal propio e parque de maquinaria totalmente amortizada, proximidade das instalacións á obra, etc), e que permiten afirmar que a oferta económica queda suficientemente xustificada.

Esta memoria compleméntase cunha extensa documentación que inclúe cartas de compromiso dos provedores, prezos detallados das unidades de obras ofertadas por aqueles, relación de medios materiais e maquinaria propia, novos prezos descompostos das unidades do proxecto, declaración da obra en execución, nóminas de persoal, etc. Finalmente achégase un orzamento no que se

aplican os novos prezos, do que resulta un orzamento de execución material de 24.032,51€ e un orzamento final, aplicando os coeficientes correspondentes de gastos xerais, beneficio industrial e IVE, de 34.604,41€, que coincide coa oferta presentada.

Avaliación da documentación achegada:

O orzamento desta obra está composta unicamente por catro partidas: demolición de pavimento, firme de zahorra, formigón en pavimento e unha partida alzada a xustificar.

Todas as partidas, a excepción da partida alzada, ven reducido o seu prezo dun xeito substancial. Esta redución está motivada tanto polo diferente prezo da maquinaria e do material, como polo rendemento mais favorable que se prevé da man de obra e da maquinaria. A estes efectos, a empresa fai unha observación ao pe de cada un dos prezos descompostos: "...adaptación de rendementos, prezos de maquinaria de propiedade de Excavaciones Midón, madeira en propiedade amortizada, oferta de subcontrata..." coa que pretende xustificar estes novos prezos.

Considero que, aínda que algún dos prezos que compoñen os descompostos poden estar xustificados (por exemplo, o prezo ofertado polas subcontratas), a modificación dos rendementos non veñen acompañados de ningunha xustificación. Cómpre indicar que, nalgún caso, o tempo necesario para que a man de obra execute unha partida redúcese á metade.

Por todo o anterior considero que a empresa non xustifica convenientemente a súa oferta.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente.

A vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas SYR-AMG SLU e Excavaciones Midón SL do procedemento por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliables mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 55.340,51 €.

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
1	EXCAVACIONES POSE SL	39.809,00	31,62
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	37.410,19	35,95
3	BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	42.787,43	25,75
4	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	43.104,73	25,12
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS SL	42.976,27	25,38
6	OBRAS Y SERVICIOS ÍNDIGO SL	53.663,57	4,31
8	SONDEOS PORZUNA SL	38.245,83	34,45
9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	37.747,77	35,34
10	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	38.079,80	34,74
11	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	42.872,30	25,58
12	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	46.220,00	18,98
13	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	37.908,25	35,05
14	CETA CONTRATAS SL	39.121,60	32,87
15	GESTAL Y LÓPEZ SL	39.308,36	32,53
16	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	35.855,00	38,75

17	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	41.987,00	27,33
18	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	35.971,33	38,54
19	EXCAVACIONES OVIDIO SL	36.663,08	37,29
20	HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	37.631,54	35,55
22	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	39.398,14	32,37
23	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	37.271,84	36,20
24	ÁGADA OCCIDENTE SL	37.000,00	36,69
25	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	38.716,21	33,60
26	CONSTRUCCCIONES SIBER ORDES SL	42.241,10	26,83
27	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	41.109,70	29,06

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	Empresa	**OFERTA ECONÓMICA**	**PUNTUACIÓN**
16	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	35.855,00	38,75
18	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	35.971,33	38,54
19	EXCAVACIONES OVIDIO SL	36.663,08	37,29
24	ÁGADA OCCIDENTE SL	37.000,00	36,69
23	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	37.271,84	36,20
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	37.410,19	35,95
20	HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	37.631,54	35,55
9	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	37.747,77	35,34
13	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	37.908,25	35,05
10	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	38.079,80	34,74
8	SONDEOS PORZUNA SL	38.245,83	34,45
25	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	38.716,21	33,60
14	CETA CONTRATAS SL	39.121,60	32,87
15	GESTAL Y LÓPEZ SL	39.308,36	32,53
22	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	39.398,14	32,37
1	EXCAVACIONES POSE SL	39.809,00	31,62
27	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	41.109,70	29,06
17	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	41.987,00	27,33
26	CONSTRUCCCIONES SIBER ORDES SL	42.241,10	26,83
3	BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	42.787,43	25,75
11	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	42.872,30	25,58

5	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS SL	42.976,27	25,38
4	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	43.104,73	25,12
12	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	46.220,00	18,98
6	OBRAS Y SERVICIOS ÍNDIGO SL	53.663,57	4,31

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas SYR-AMG SLU e Excavaciones Midón SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de pavimentación de viais no núcleo de Outeiro (Bugallido) á empresa **GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU** con CIF B-70262829 no prezo de vinte e nove mil seiscentos trinta e dous euros e vinte e tres céntimos **(29.632,23.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de seis mil douscentos vinte e dous euros e setenta e sete céntimos **(6.222,77.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e e trinta e dous minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.